

ENQUISA

Nestes momentos existe a posibilidade de situar algunhas titulacións na cidade de Vigo. Contamos coa opción de dispoñer de ata tres edificios no complexo da rúa de López Mora, preto dos centros da rúa de Torrecedeira, onde xa se imparten titulacións. Nas seguintes fotos pódense ver as localizacións e algúns aspectos dos edificios:



No indicador da esquerda, sinálase a Escola de Enxeñería Industrial; no do medio, a Escola Universitaria de Estudos Empresariais; e, no da dereita, os edificios pertencentes á Zona Franca, nos que estamos propoñendo usos universitarios



No caso de dispoñermos dos tres edificios, esta sede tería unha superficie máxima de 17 000m², que poderían servir para ampliar o servizo da biblioteca e da sala de lectura do campus cidade (trasladando a biblioteca actual a unha sala con maior superficie) e para acoller varios mestrados e incluso un título de grao, se así se decidise.

A outra posibilidade é empregarmos os espazos da antiga ETEA, en Teis, e ocupar o edificio Faraday, que xa pertence á Universidade de Vigo; os edificios Siemens e Morse, que nos poderían ceder a Xunta de Galicia e a Zona Franca respectivamente; así como un edificio de nova construción, onde se poderían instalar titulacións do ámbito científico relacionadas coa investigación mariña. Para completar o binomio docencia-investigación tamén se situaría aí o Centro de Investigación Mariña (CIM). Está previsto que se trasladen a este complexo os dous centros de investigación mariña do CSIC, situados neste momento en Bouzas e no Porriño. Para construír o novo edificio estase a negociar un posible cofinanciamento.

